


O XORNAL DO COTSG

ANUAL - Nº1



A traballadora social de Mazaricos, Belén Pérez, no seu despacho do Concello. Ela, aínda que é grupo de risco, optou, maioritariamente pola presencialidade porque "nun concello con tantas persoas maiores, é indispensable que poidan vir consultar as súas dúbidas e medos".

Como moitas outras tivo que adaptarse á pandemia e coordinar co persoal de Protección Civil a axuda para as persoas máis vulnerables, para as confinadas e, en ocasións, tivo que facer de rastreadora e tramitar papeis que non lle correspondían.

Yosi, o cantante do grupo Los Suaves, non fai traballo social

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) enviou unha carta a La Voz de Galicia. O motivo de dita misiva foi que o medio de comunicación sutilulaba: *El músico, de 72 años, admitió los hechos y aceptó una pena de trabajos sociales y no podrá acercarse a la mujer en ocho meses.*

Na carta enviada pola entidade subliñábase que "usar traballos sociais como sinónimo de traballos en beneficio da comunidade é unha mala praxe que provoca a con-

fusión do ou da lectora e, en última instancia, que aprenda a usar un termo nun contexto incorrecto. Dita práctica colisiona coa función pedagóxica dos medios de comunicación". Ademais, solicitábase que se procedese ao cambio do titular, cousa que aconteceu aos poucos minutos do envío da reclamación.

O COTSG envía ao longo do ano diversas reclamacións aos medios de comunicación tradicionais, ben por uso incorrecto de terminoloxía ou por vulnerar o dereito á intimidade.

O traballo social pasará a ser profesión sanitaria neste 2021

Os traballadores sociais e os biólogos serán profesionais sanitarios en 2021, así o anunciou o Ministerio de Sanidade no seu programa específico de Políticas de Saúde e Ordenación Profesional incluído no proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2021.

No documento publicado polo Ministerio de Facenda, a carteira que dirixe Salvador Illa, lembra que segue pendente a modificación da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións

sanitarias (LOPS) coa que se prevé a regulación de novas profesións sanitarias, concretamente, o Traballo Social Sanitario ou a Bioloxía Sanitaria.

A súa oficialización quedara paralizada desde 2019, co cambio de Goberno e agora, debido á pandemia da covid-19.

Este recoñecemento é froito do traballo continuado no tempo de colexios, Consejo General del Trabajo Social e, por suposto, das e dos profesionais que non pararon ata conseguilo.

OPINIÓN

Ana M. Vilar: A e o traballador social no sistema de Servizos Sociais



Francisco X. Aguiar: O traballo social contemporáneo ten que ser medioambiental e ecocrítico



Sagrario Fernández: Os coidados a pequena escala



EDITORIAL

sumario

Miriam Rodríguez e Emi Vicente: paixón polo traballo social	4-5-6
Opinión - Ana M. Vilar	7
12 novas do COTSG	8-9
A fotografía do social	10
Opinión - Francisco X. Aguiar	11
Entrevista - Belén Navarro	12, 13
A formación na covid19	14
Opinión - Sagrario Fernández	15
Entrevista - Laura Zapata (Grupo Traballo Social e Educación)	16-17
Entrevista - Luz Campello	18-19
Historias do exercicio libre (Grupo de traballo de exercicio libre)	20
Entrevista - Patricia Fernández (Grupo de SAF)	21
O teu espazo: o blog do COTSG	22
Traballo Social e feminismo (Grupo de traballo de feminismos)	23
Contraportada	24

En 2021 seguimos a traballar para afortalar a nosa profesión!!

Editorial da Xunta de Goberno do COTSG

2020 é un ano que quedará na memoria das e dos traballadores sociais como un ano complexo, imprevisible e caótico, que nos marca a nivel emocional, aínda así debemos de sentir orgullo de profesión por estar a altura nestes intreos tan difíciles, polo noso aporte nesta crise, onde soubemos transformarnos e adaptarnos para dar cobertura a esta emerxencia, onde soubemos atender todas as demandas por complexas que foran desde todas as áreas de traballo, para solventar as necesidades nos distintos momentos e situacións, estando sempre preto das persoas, nesta situación de crise socio-sanitaria e económica.

Neste ano, a nosa profesión foi denominada como "esencial", sempre fomos esenciais, o traballo social está ligado desenvolvemento social, e nunha crise sanitaria onde perigan os estados de benestar máis consolidados, nos visualiza como imprescindible. Non só pola nosa manexo da complexidades, senon tamén pola capacidade de adaptación aos cambios e asertividade.

Asemade, parece que estamos máis preto que nunca de ser recoñecida como profesión sanitaria, unha discriminación histórica, que enmenda a propia profesión co seu traballo e dedicación nas distintas áreas de saúde dentro do noso sistema.

Por ese motivo, e desde a Xunta de Goberno do COTSG queremos agradecer a vosa tarefa durante estes meses, e darvos azos para os que están por vir. Dando continuidade desde o Colexio Oficial de Traballo Social de Galiza a ferrea defensa da profesión, reclamando a nosa presenza nos equipos de traballo e postos de planificación das políticas sociais, procurando recursos formativos, visibilizando o noso traballo, activando accións que favorezan a nosa unión, e en definitiva, tecendo redes entre toda a colexiación e as nosas universidades.

En 2021 continuaremos a darlle pulo a ámbitos do traballo social que son indispensables pero que, polo momento, están máis invisibilizados. Xa comezamos a facelo co traballo social no eido educativo e continuaremos co traballo social en emerxencias, en penitenciarías, nos xulgados, etc..

SEGUIMOS!!



O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

quere agradecer ás e aos profesionais do traballo social a súa **inmensa e indispensable** tarefa durante a crise da COVID19.

Grazas pola vosa **labor esencial** e por estar sempre na vangarda da procura dos **dereitos das persoas.**



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia



O traballo social homenaxeou á precursora Concepción Arenal



O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) e o Consejo General del Trabajo Social (CGTS) xuntaron forzas para homenaxear a Concepción Arenal a principios de 2020. Dita homenaxe plasmouse en forma de declaración institucional no pleno do Concello de Ferrol e nun acto máis amplo no Concello da Coruña.

A homenaxe chegou cos 200 anos do nacemento desta galega que escribiu, entre outras cousas, *Manual del visitador del pobre* que moitas e moitos especialistas consideran unha precursora do traballo social á altura doutras como Jane Addams.

Nese acto na cidade herculina, ademais da homenaxe floral, houbo un coloquio coa especialista na figura de Concepción Arenal M^a José Lacalzada; o autor do libro *Concepción Arenal: reformadora moral e social desde a compaixón*, Francisco Idareta; a presidenta do CGTS, Emi Vicente e a compañeira de colexiación Luz Campello.

Tamén houbo actuación musical, representación institucional do Concello e da Xunta e unha performance que pretendía representar os valores vitais de Concepción Arenal.

Francisco Idareta: “O traballo social ten moito que ver con Concepción Arenal e ao revés. O traballo social son dereitos humanos e xustiza social. A súa obra é unha recapacitación constante arredor de como mellorar e sobre a importancia da dignidade humana. O que propón Concepción Arenal é a ética da compaixón. Defende a caridade como deber moral e xustiza social, recorrendo á compaixón como impulsora e humanizadora de ambas”

M^a José Lacalzada: “Concepción Arenal sabía empatizar coas persoas, non vivía pechada na súa clase. En toda a súa obra hai un palpable sentido da xustiza. Era unha humanista, para ela a finalidade da pena era xa a corrección do delincuente, por iso insistía en que as penas non podían perxudicar a saúde do corpo nin da alma e tamén na responsabilidade da institución penitenciaria para devolver á sociedade á persoa mellorada. Ela xa ten a idea da corresponsabilidade social”



ENTREVISTA



Miriam Rodríguez e Emi Vicente: a paixón polo Traballo Social

Falamos coa presidenta do COTSG, Miriam Rodríguez e coa presidenta do CGTS, Emi Vicente, que comparten Xunta de Goberno no organismo estatal sobre a profesión, a resposta ante a covid19, a burocratización, etc

Como avaliades a resposta do colectivo do Traballo Social ante a pandemia?

M.R: A resposta da profesión foi múltiple. A miña sensación é que se tomou consciencia de que somos servizos esenciais, visibilizouse nos noutros espazos como saúde ou, por exemplo, o déficit en educación, tamén se visibilizou o terceiro sector. E, tamén se viu que os servizos sociais son un pilar fundamental para calquera crise, sanitaria, social ou económico e por iso tiveron que saír os poderes políticos nomeándonos, de xeito urxente, persoal esencial. A profesión, para min, non só estivo á altura nos seus postos de traballo, senón tamén en accións voluntarias, polo menos en Galicia así foi. Aquí abriuse un teléfono de atención social grazas ao persoal voluntario, unha acción promovida pola Xunta, o Colexio de Traballo Social e Colexio de Psicoloxía. Houbo moitísima demanda de información, de formación, de xuntanzas para tomar accións en saúde e servizos sociais, houbo moitísima participación nas accións do Colexio que se fixeron derivadas desta crise e tamén nos grupos de traballo. Creo que houbo máis orgullo de profesión e máis participación nas accións políticas, o colectivo profesionais quixo coller as rendas

para elevar as súas peticións desde a estrutura colexial aos cargos públicos.

EV: Creo que temos que falar de dous escenarios. Un é, dada a envergadura desta pandemia, o que significou entender que o traballo dentro da estrutura era preciso e que era obrigado estar na axenda pública e, desde aí, a acción política que estamos tendo desde os colexios e o Consejo tivo unha proxección verdadeiramente importante e isto si que se viu coa profesión e tamén nas relacións e o traballo que realizamos como corporacións de dereito público que somos a través do contacto con ministerio, secretaría, consellerías, concellos...

E logo estaría esa parte de onde estivo a profesión nesa parte da covid. Eu diría que, nun primeiro momento, houbo moito medo, era unha situación de moito risco nos ámbitos nos que se desenvolve o traballo social. Logo dese momento de incertidume, en xeral a profesión quería estar nos postos de traballo: servizos sociais, saúde, penitenciarias... Quería estar e, en moitos casos, mandóuselle á casa. En saúde era prioritario que o traballo social estivese nos espazos de toma de decisións, non podiamos ser convidados

de pedra! Era indispensable facer un acompañamento ás persoas hospitalizadas, houbo persoas que estiveron unha semana sen saber ás familias nin as familias delas! E non só estaban dispostas as traballadoras sociais dos hospitais, había moitas persoas voluntarias que se ofrecían acompañar procesos deste tipo... e non nos deixaron! Pero a profesión quixo estar sempre.

"En xeral, a profesión quixo estar nos seus postos de traballo durante esta pandemia"

A declaración de servizo esencial para que non estiveramos á espera de estamos ou non estamos? Estamos! Estamos e espérasenos!! Agardo que isto chegara para quedar e a parte de saúde ten que estar estruturalmente vinculada ao traballo social, en Galicia sodes un referente disto. Os meus parabéns á profesións porque estamos no escenario de que o traballo social sanitario sexa unha especialización no ámbito das ciencias sociais e isto significa que houbo moito esforzo no tempo.

ENTREVISTA

Cales son os retos da profesión, a que novas esferas debe enfocarse?

EV: Os Servizos Sociais foi o que, ata agora, estivo máis estruturado, temos unha distribución capilar que chega a todas as administracións, a todos os recunchos. Iso sabédolo ben en Galicia coa dispersión xeográfica que vos caracteriza e, evidentemente, é unha fortaleza para o traballo social e os propios servizos sociais.

Porén, desde a Xunta de Goberno do CGTS temos claro que o traballo social ten un ámbito de desenvolvemento maior e esta é unha visión necesaria: traballo social en sanidade, educación, institucións penitenciarias, traballo social forense... e temos que conseguir que, o mesmo punto de partida no que estamos agora co traballo social sanitario, chegar co traballo social forense, co traballo social en institucións penitenciarias, co exercicio libre, co traballo social en emerxencias... E, falando de emerxencias, en outubro reunímonos co director xeral de protección civil e dícialles que o traballo social está antes, durante e despois das emerxencias. Antes porque no desenvolvemento do noso exercicio profesional estamos atendendo as urxencias que chegan, estamos na emerxencia, fórmase aos colexios e moitos teñen comisións de emerxencias... e despois porque cando desaparece a emerxencia, o sitio ao que chamamos é aos servizos sociais.

"O traballo social está antes, durante e despois das situacións de emerxencia"

En definitiva, tempos espazos nos que aportar moito, sen quitar a importancia aos servizos sociais, por suposto. Aquí tamén hai un debate interesante que é que modelo de servizos sociais queremos para o século XXI e hai que dalo, temos que deixar que a profesión decida a onde queremos ir. Temos claro que se no espírito do sistema público de servizos sociais estivo sempre a universalidade, o sistema, no seu desenvolvemento, está sendo residual, atendemos circunstancias que non se resolven noutros sistemas públicos e é verdade que quedamos nun escenario de tramitadores de prestacións e este non é o ADN da profesión nin o seu contido. Esta profesión nace para poñer en valor e acompañar a relación de axuda dos procesos persoais e familiares, todo o aspecto do vínculo, dos afectos, da convivencia, das relacións, de facilitar a autonomía, de afortalar as capacidades e habilidades individuais e na comunidade...

Cando falemos deste discurso de que modelo queremos, creo que imos ter resistencias na casa, pero non pasa nada, temos que trabal-

lar desde unha actitude pedagóxica, desde o diálogo, desde o consenso e, ao final isto será o que, de xeito colectiva, a profesión queira que sexa e esta é a responsabilidade que temos as corporacións de dereito público.

MR: É preciso que a profesión se desligue do binomio necesidade-recurso no que están inmersos os servizos sociais hai moitos anos. As teóricas da profesión advirten de que non nos podían situar como expendedores de recursos, isto lévanos a unha alta carga burocrática. Ao final, é certo que a profesión é moi eficaz para a xestión de moitas axudas, a administración non sabe ou non quere canalizalo doutro xeito e, entón é verdade que caen todas as axudas nas profesionais do traballo social, a xestión completa, isto é un problema porque se continuamos a xestionar axudas económicas a profesión vai tender á extinción.

"Se continuamos a xestionar axudas económicas, a profesión vai tender á extinción"

Esta xestión de axudas económicas ten moito que ver con que estamos inmersos nun modelo neoliberal que non invertiu no desenvolvemento comunitario senón na individualidade. Entón, o que di Emi, desde os colexios e o Consejo fai falta pedagogía coa profesión, claro que vai haber resistencias, pero esas resistencias son medos. Xeralmente, cando nos xuntamos con traballadoras sociais adoitamos estar de acordo sempre no fondo, temos claro como profesión como temos que previr, pero neste sistema no que están inmersos os servizos sociais é moi difícil e dá moito medo a intervención social porque non temos un espazo dentro da comunidade, ancláronos ao despacho, non estamos na toma de decisións, tómanas outros e diríxennos. Por exemplo, no caso do sistema sanitario, cando as persoas que dirixen o servizo son traballadoras sociais, os resultados son outros, como acontece en Galicia ou Cataluña.

As traballadoras sociais son as que teñen que dirixir as políticas e a intervención social e ata agora non foi así. En canto o futuro eu creo que é estar noutros sistemas dentro do Estado do Benestar, tomar outros espazos.

A produción científica é un dos déficits do traballo social no Estado?

EV: Eu creo que esta profesión xera coñecemento. Outro dos elementos que nos parecen importantes no Consello é esta parte, esta relación da academia e a profesión. Un interese específico que temos desde o Consejo é poñer en valor o traballo excelente que fan moitas persoas colexiadas en todo o territorio que desenvolven a súa profesión de maneira sistematizada, con método e con

traballos de investigación interesante. Cando a academia quere investigar, ao final acode aos postos de traballo, somos elementos complementarios e, por tanto, desde esa complementariedade, temos moito interese en poñer en valor o bo exercicio profesional de moita xente. Unha das iniciativas que tomamos xa foi crear na páxina web un espazo chamado "El rincón para la investigación del trabajo social". Tamén editado guías, libros, produción propia e desde o análise da profesión. As e os compañeiros están a facer traballos excelentes, con moito rigor técnico e aplicando criterios científicos.

Miriam: Nun tempo de vértigo viuse como desde a profesión se crearon numerosos documentos de intervención para esta crise crise con diferentes colectivo. Tamén se sistematizaron recomendacións para as propias traballadoras e traballadores sociais. Está claro que o que di Emi é certo, a práctica da nosa profesión crea teoría, tamén desde a academia. É moi importante a investigación social que é algo do que fraquea o Estado en xeral, pero nós en particular porque o traballo social está tan inmerso no día a día e na actuación urxente que esquecemos teorizar e temos moitísima información e rexistros dos que non sacamos, por falta de tempo, estes contidos teóricos. Desde a nosa profesión temos a formación para investigar, temos unha parte moi importante de estadística na carreira, e isto non se desenvolve porque non temos tempo e temos que potencialo desde as estruturas colexiais nos vindeiros anos e poñelo ao nivel de importancia do traballo diario porque sen información social non podemos planificar nin programas nin proxectos nin dirixir as políticas de cada CCAA.

"No traballo social estamos tan inmersos no día a día e na actuación urxente que esquecemos teorizar"

Imos cunha cuestión polémica: a colexiación obrigatoria, debe selo?

MR: A colexiación é a defensa da profesión e das persoas que atendemos. Somos unha profesión tremendamente solidaria, de axuda, co cal é imprescindible ter as estruturas para protexernos como profesión e para protexer ás persoas que atendemos. É algo que eu creo que parte dun ou dunha mesma, é un compromiso individual. O que é certo é que as estruturas colexiais valoran cales son os puntos fracos da profesións e incentívanos. Logo, un elemento importante é a sensación de unidade, de crear discursos para cada realidade, de formar ideas propias dentro da colexiación. Eu, cando nos atopamos persoas que non están colexiadas,

ENTREVISTA

creo que os colexios teñen que ser inclusivos, dar exemplo e potenciar que aumenten as colexiacións mesmo en profesionais que non están traballando.

E.V: Eu o primeiro que teño que dicir agora que falamos de colexiación obrigatoria é que é obrigatoria. Queremos ser unha profesión grande, estar á altura de ter o recoñecemento doutras profesións, vale, pois non veremos a ningunha persoa que exerza a medicina, a enfermería ou a avogacía sen colexiar. Eu diría que ningún informe social debería poder saír sen o número de persoa colexiada. Por que é precisa a colexiación? Pois non só polo matiz de que sexa obrigatoria senón porque é o elemento garante de que o exercicio profesional se fai desde unha práctica deontolóxica correcta. A cidadanía cada vez ten máis información e está moi ben que a teña e é cada vez máis esixente, e está moi ben que o sexa, polo tanto nós temos que actuar baixo os parámetros deontolóxicos cun rigor de primeira orde.

"A academia titúlanos pero o que nos habilita para o exercicio profesional son os colexios profesionais"

Estar colexiado/a tamén significa poder participar da estrutura colexial onde se fan cousas moi interesantes, e non o digo porque agora mesmo sexa a presidenta do Consello e me toque representar a esta profesión, senón porque o demostramos ao longo desta pandemia. Entón, dúas vertentes: unha, garante de que o noso exercicio profesional é o correcto, dous, protección propia da profesión. Nós debemos ter ese espazo de corporativismo, pero temos que ser corporativistas desde este concepto e este contido ético.

A primeira responsabilidade ao saír da academia é colexiarse! A academia titúlanos pero o que nos habilita para o exercicio profesional son os colexios profesionais, a colexiación. A moita da xente que renega de estar

nos colexios profesionais eu sempre lle fago a mesma pregunta: Canto tempo da túa vida deches para vir traballar colectivamente para sumar pola profesión? Entra na estrutura! Fala dentro da estrutura! Fala e promove na estrutura! E onde haxa que corrixir cousas pois corrixíranse, que é o xeito de avanzar.

Que novidades de colaboración COTSG - CGTS podedes avanzar?

MR: É moi estreita a colaboración con Galicia e non só porque Ana Vilar e eu esteamos na Xunta de Goberno do Consejo, senón porque sempre tivemos claro que queríamos estar preto do Consejo, estiveramos nel ou non, xa que sabemos que hai competencias que escapan das CCAA e precisabamos desa conexión e tamén porque é un xeito de compartir coas colegas doutos lugares.

Traballamos moitas cousas en conxunto, o acto de Concepción Arenal foi moi emotivo, con moito esforzo por parte do Colexio e do Consejo, foi un acto sen precedente e estes símbolos unen como profesión. E si que hai outros proxectos, un deles coa asesoría xurídica porque en Galicia contamos cunha asesoría xurídica moi boa, con Julia á fronte, que ten moitísimo traballo feito no ámbito da defensa da profesión en canto ao intrusismo profesional, inclusión de prazas, intrusismo, etc. e iso queremos trasladalo a nivel estatal e xuntar forzas. A nivel institucional, a covid non nos deixou pechar o ano de Concepción Arenal con ningún acto público que si que estaban había previsto pero supoño que nos vindeiros anos haberá máis achegamentos, non si?

"Un dos proxectos de colaboración do COTSG co CGTS vai ser coa asesoría xurídica galega, que está a facer un gran labor"

EV: vaia, por suposto! Eu teño que dicir que a relación do Colexio de Galicia e o Consejo nestes case dous anos xa foi exemplar. Galicia, como punto de partida, foi un colexio

referente. Falaba Miriam do traballo da asesoría xurídica e si que tedes un traballo ben interesante nesta área e eu quero subliñar o espírito de xenerosidade e alianza porque desde Galicia propuxestes trasladar un repositorio xurídico de documentos que xa tedes avanzados e que pode servirllle a outros colexios. Ese espírito é imprescindible porque hai colexios moi pequeniños, con moi poucos medios e eu entendo que, estando a solidariedade no noso ADN, temos que practicala dentro da propia estrutura.

En canto a titulares iniciamos o ano no pleno de Ferrol e no Concello da Coruña co acto de 200 anos de Concepción Arenal pero temos que pechar isto e ímolos facer co Colexio de Galicia e co de Cantabria porque en Potes viviu Concepción Arenal, en canto se nos permita. Ademais, o Colexio de Galicia está a traballar nalgo moi interesante para esta profesión no que chamamos o DPC, o desenvolvemento profesional continuo. Imos crear desde o CGTS unha web onde se poida acreditar cal é a experiencia profesional, a formación específica e que poidamos facelas desde os colexios e consejo. E este proxecto vaino liderar o Colexio de Galicia e o CGTS. Foi un traballo importante de coordinación e recoñecemento.

Nós tiñamos claro que o Consejo tiña que estar preto dos colexios e viceversa porque traballamos en ámbitos diferentes pero complementarios. E, desde logo, que o Consejo tiña que estar descentralizado, a pé de obra con todos os colexios. A propia estrutura colexial agradeceu isto porque o Consejo estaba moi lonxe e isto non pode ser así.

MR: tamén temos que falar de Nuestras Voces que pretende aproveitar as sinxerías das profesionais que poidan ter unha bagaxe en certas áreas de todos os Colexios e lanzalas a nivel estatal. Iso tamén foi importante para poder ter voces dentro da profesión dos distintos territorios.



A e o traballador social no sistema de Servizos Sociais

Este artigo ten por obxecto reflexionar sobre o sistema de servizos sociais, sobre o seu encadre actual e os retos de futuro que se nos plantexan aos traballadores e traballadoras sociais.

Toda profesión no ámbito social, en xeral, e o traballo social, en particular, expresan o seu malestar pola invisibilidade do sistema, pola perda da calidade y calidez no noso desempeño, valores que caracterizaban o noso exercicio profesional a finais dos 90.

Dun tempo a esta parte funcionamos de xeito autómatas cun gran desgaste profesional, persoal e servindo de caixón de sastre a outros sistemas de protección social. O noso carácter transversal, que nos identifica como sistema, xunto coas ansias e presións por “resolver”, abocounos a que, cos anos, o obxecto e ben protexible da nosa actividade profesional foise desdebuxando e, con iso, foise incrementado o noso grao de frustración e o noso nivel de desmotivación, conscientes como eramos, e somos, de que nos estabamos, e estamos, alonxando do noso verdadeiro obxecto profesional.

Situámonos como meros dispensadores de recursos e fomos despersonalizando a atención social que prestamos, atendendo a inmediatez, sobre todo, no ámbito comunitario. Orientámonos, case en exclusividade, cara a xestión e provisión de recursos e prestacións como se foramos “xestorías especializadas” en trámites de recursos e prestacións públicas. Lonxe estamos xa da nosa esencia, quedando na trastenda e agardando, ansiando, nalgún momento retomala.

A nosa actuación e resposta como un sistema do estado de benestar que intervéñe na promoción da interacción entre as persoas e a súa contorna, facilitando as súas capacidades, cara a autonomía, protección e inclusión social, valorando os seus niveis de afectación, acompañando e reconstruíndo nos procesos vitais, quedou oculta, subxugada, por dispensar recursos a “demanda”, caendo na trampa do “éxito” ao que nos impulsan ítems cuantitativos de avaliación do noso exercicio profesional, unha visión errónea e, en moitas ocasións, perversamente implantados con ferramentas empeñadas en ocultar as verdadeiras carencias do sistema. Non evolucionamos ao mesmo nivel que o resto de sistemas provocando ao exercicio, prestixio e recoñecemento social da nosa profesión unha afectación moi importante que se plasmou nun estancamento do seu obxecto, financiamento, configuración e expansión.

Ao separarse deste proceso de desvirtuación da nosa profesión tampouco contribuíu o feito de que existan 17 leis autonómicas de servizos sociais e máis de 35 leis sectoriais, só, a nivel estatal, sen que, como entendo sería desexable, se teña aprobado unha Ley Marco estatal que nos permitise definir e fixar con carácter de mínimos o obxecto, o ben protexible, a carteira de prestacións técnicas, dereitos e obrigas dos traballadores do ámbito social e dos seus usuarios, etc, no sistema de servizos sociais, o que, sen dúbida, contribuíría a garantir o exercicio do desempeño profesional, a súa evolución e o cumprimento das obrigas nesta materia, sen que isto supoña a exclusión do grao de implicación autonómica que debe recoñecerse conforme ás diversas necesidades e particularidades.



Autora: Ana M. Vilar Varela

Traballadora social e coordinadora e directora técnica de diversos servizos: dependencia, atención social, etc.

Membro da Xunta de Goberno do COTSG e do CGTS

Con todo, estamos ante unha gran oportunidade para impulsar o sistema, ante un momento histórico de crise social, xa acumulada, causada pola Covid 19 que nos configurou como un servizo esencial e proporcionounos gran visibilidade entre a cidadanía como referencia principal do sistema da arquitectura do estado de benestar e onde as novas dinámicas de xestión relacional, comunitaria, os vínculos se fixo máis necesaria e patente ca nunca. Pero non só por iso, este momento tamén é moi importante pola implantación do IMV, polo debate aberto na política de coidados e o seu encadre e o sistema de garantía de rendas. En definitiva, estamos en movemento. Estamos nun momento de cambio que nos ofrece unha gran oportunidade para reivindicámonos como profesión, alzando a nosa voz e acción profesional dentro do sistema de servizos ou outros sistemas de protección social.

"Estamos ante unha gran oportunidade para impulsar o sistema, ante un momento histórico de crise social que nos configurou como un servizo esencial e proporcionounos gran visibilidade"

É preciso retrotraernos e invocar a nosa esencia. Definir o noso verdadeiro perímetro de actuación e situarnos á fronte dun modelo que identifique ao sistema como un sistema de dereito. Que identifique a nosa profesión. E onde a diagnose social sexa reserva de actividade profesional e prestación técnica garantida. Que nos situemos como profesionais de referencia do sistema con enfoque, por suposto, proactivo e interdisciplinar.

Debemos propoñer como profesión a construción dun novo modelo que afonde na consolidación e crecemento non só dos servizos sociais comunitarios básicos senón que avance, tamén, no desenvolvemento dos servizos sociais específicos e especializados. Un modelo de atención centrado nas persoas, que descubra as súas potencialidades, que lles dedique o tempo necesario, interactúe no comunitario, e, con isto, que nos permita establecer os diagnósticos sociais necesarios, que nos leven a avaliar os niveis de afectación nos ámbitos vitais e desenvolver a intervención social precisa. Todo este proceso debe apoiarse, inevitablemente, no coidado das persoas profesionais que son e serán os principais axentes de gestión do cambio, pois debemos ser conscientes que son eles os principais motores dos sistemas de protección social e, en particular, dos servizos sociais.

En definitiva, debemos apostar por un modelo garantista, público, persoal, de proximidade, onde o ben protexible se dirixa á promoción e interacción da convivencia e autonomía personal e onde a protección e inclusión da cidadanía sexa a nosa máxima, sempre desde o enfoque dos dereitos sociais que nos corresponde garantir como sistema. Dedicemos un minuto a reflexionar no noso quefacer diario, visibilicémonos e, na medida das nosas posibilidades, avaliemos e propoñamos os trocos precisos, dignifiquemos o exercicio profesional en cada un dos nosos ámbitos. E así, e só así, lograremos o recoñecemento social que a nosa profesión e a cidadanía merecen.

NOVAS

12 novas do COTSG durante 2020 que non podes perder

O COTSG e o CGTS homenaxeian en Ferrol e Coruña a Arenal

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) e o Consejo General del Trabajo Social (CGTS) homenaxeian en Ferrol e na Coruña a figura da que, moitas persoas do mundo da investigación, consideran unha precursora do traballo social: Concepción Arenal.

Para a homenaxe a esta galega leuse en xaneiro unha declaración institucional no pleno de

Ferrol e logo desenvolveuse un acto máis amplo na Coruña. Houbo unha ampla representación institucional dos partidos políticos que conforman a corporación herculina e tamén da Xunta. Do mesmo xeito, as persoas asistentes puideron escoitar a María José Lacalzada e Francisco Idareta, ambos expertos na figura da ferrolá e tamén á colexiada galega Luz Campello e á presidenta do CGTS, Emi Vicente.

O COTSG xuntouse con Función Pública e con provisión de postos

O COTSG reuniuse co director xeral de Función Pública, José María Barreiro Díaz e co subdirector xeral de provisión de postos e persoal.

A xuntanza foi para falar do proceso selectivo para a cobertura de prazas de traballo social na Xunta. Os temas que se trataron foron diversos: a baremación de méritos e a titulación específica para o proceso da convocatoria.



A quenda de garda, a exposición no Parlamento Europeo

A coordinadora do COTSG, Ne-rea Fernández e a técnica de Comunicación, Sara Torreiro, desprazáronse a ao Parlamento Europeo no marco dunha visita organizada polo CGTS.

Estiveron presentes varios colexios do Estado para falar das iniciativas orientadas a limitar e paliar a violencia contra as mulleres. O COTSG falou da quenda de garda contra a violencia de xénero.



Bota a andar o teléfono social coordinado polo COTSG

O teléfono social contou cun servizo de axuda aos cidadáns, no que se lle deu prioridade a aquelas chamadas que alerten de situacións de vulnerabilidade ou emerxencia social.

Tamén serviu para alertar de posibles casos de especial vulnerabilidade e emerxencia social.

Este servizo de atención foi reforzado con traballadoras sociais da Consellería de Política Social,

para dar unha resposta áxil e atinada en cada caso. Tamén traballaron de xeito voluntario moitas compañeiras de colexiación.



O traballo social urxe o reforzo inmediato dos servizos sociais

O Colexio Oficial de Traballo Social da Galiza urxe a Política Social a reforzar "de inmediato" os equipos de servizos sociais co obxectivo de evitar que os colectivos máis vulnerábeis caian nunha situación de "extrema necesidade" tras a crise do coronavirus.

"A Consellería de Política Social debe elaborar un plan que dea resposta e se anticipe á

problemática social que se vai derivar do parón que implicou o coronavirus", advirte a xunta de Goberno da entidade, que insta á Administración a reverter a súa "actitude pasiva e apostar por unha coordinación sociosanitaria decidida. A falta dela levounos a esta situación de crise de recursos", destaca. Como colaborador da Xunta no Teléfono de Atención Social, advirte o Colexio Oficial de Traballo Social da Galicia.

O COTSG alerta da falta de protocolos na fase 1

O COTSG alertou da falta de protocolos para os servizos sociais na fase 1 da desescalada e reclomou á Xunta que envíe "sen demora" protocolos para os traballadores.

Nun comunicado remitido aos medios, o colexio asegura ter detectado moitas "carencias" en dependencia e piden ao Executivo autonómico que "aborde" canto antes esta situación xa que

se trata do sistema que "vela polas persoas maiores".

O COTSG sinala a existencia de "moito retraso" na asignación de prazas residenciais das emerxencias que contemplan situacións de abandono, de risco inminente para a integridade física da persoa usuaria. O resultado, indican é o "desamparo no que a administración ten sumidas ás persoas máis vulnerables".

En 2021... seguiremos traballando!!

Xuntanza entre o traballo social e Política Social para abordar o IMV

As compañeiras de Xunta de Goberno, Ana Vilar e Miriam Rodríguez e a técnica Nerea Fernández, xuntáronse con Política Social para pedir información sobre a implantación do IMV e que vai ocorrer coa #RISGA. O COTSG propuxo un modelo pioneiro e innovador de servizos sociais onde se deixen de lado as cargas burocráticas e se poña atención na esencia na intervención comunitaria. Tamén

se demandou a creación dunha comisión que poida consensuar e reflexionar sobre un novo plantexamento dos servizos sociais galegos.



O documental A vivenda, un ben social? en aberto na rede

Sagrario Fernández é a autora dun documental, 'A vivenda, un ben social?', que vén de ser presentado este mércores. O filme, cuxa parte técnica foi desenvolvida por Xosé Bocixa, é unha iniciativa do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG), que contou coa subvención da Deputación da Coruña. Nos seus 75 minutos aparecen entrevistas con persoas usuarias e de profesionais dos servizos sociais, así

como de académicos e políticos. O obxectivo do documental é "transmitir a necesidade imperiosa dunha Lei de Vivenda que garanta o dereito subxectivo á vivenda, medidas que fagan mobilizar o parque de vivenda e non favorecer os grandes propietarios e especuladores". "Bótanse en falta axudas á rehabilitación e en xeral ás políticas de alugueiro", engaden dende o COTSG.

O traballo social presenta aos partidos o seu programa

Unha mesa de traballo integrada por diversas persoas colexiadas, coordinadas pola presidenta do COTSG, Miriam Rodríguez e a técnica de Comunicación, Sara Torreiro, elaboraron un documento para presentar aos partidos políticos que concorreron ás eleccións galegas: BNG, Galicia en Común, PSdeG, PPdeG e Marea Galeguista.

O documento, chamado Obxec-

tivo 2020: Galicia Social contiña todas aquelas áreas nas que o traballo social precisa unha revisión en Galicia e sobre as que pe preciso reflexionar.



O COTSG propón á Xunta asumir o rastrexo da covid19

O COTSG defende, na cuestión de cobertura destas prazas, "que existen traballadores e traballadoras sociais formadas nas listas de contratación temporal do Sergas con dispoñibilidade para prestar este tipo de servizo". "Entendemos que a figura profesional é a máis apropiada para levar a cabo esta función porque é un traballo que xa se fai por parte das traballadoras sociais sanitarias dos centros de saúde",

estima a presidenta do ente colexial, Miriam Rodríguez, que alude á metodoloxía deste perfil, mais tamén aos seus principios deontolóxicos e habilidades. "Ao traballarmos en Galicia coñecemos as características sociodemográficas e os recursos, temos unha rede cos Servizos Sociais dos Concellos e contamos con estreitas colaboracións profesionais", enumera a representante do Colexio.

O COTSG lamenta que a Xunta obvie o social na volta ás aulas

O Colexio Oficial de Traballo Social (COTSG) lamentou que a Xunta "obvie completamente" a parte social na planificación da volta ás aulas como, ao seu xuízo, demostra que "non se fixo ningún esforzo para contratar equipos que poidan encargarse das xestións relacionadas coa covid-19, os seus brotes e as súas consecuencias psicosociais". Nun comunicado emitido o colexio pon de exemplo a comunidade

de Aragón, onde, lembran, si se están contratando estes equipos "multidisciplinares" para o regreso ás aulas.

"Os equipos docentes son insuficientes para abordar a problemática derivada da pandemia", sinala o colexio, que advirten de que a xestión das consecuencias sociais do virus "deberían levala este tipo de equipos de profesionais do social en coordinación co Sergas".

Varios colexios sanitarios homenaxeán ás vítimas da covid

varias compañeiras da Xunta de Goberno estiveron na #homenaxe realizada polos Colexios Sanitarios ás vítimas da #covid19. A presidenta, Míriam Rodríguez lembrou que a administración debería contar sempre coas profesións sanitarias, mesmo coas que teñen insuficiente presenza na Sanidade Pública. Tamén subliñou a necesidade de procurar "liñas de colaboración estable, participación e con-

senso" nas decisións de políticas sanitarias.



NOVAS

A fotografía do social

O COTSG convocou o I Concurso de Fotografía Social da entidade. O obxectivo era promover e difundir o eido social en Galicia. As modalidades eran a de xurado e a de votación popular e o premio constaba dun ano de colexiación de balde. A votación popular desenvolveuse no facebook. Presentáronse dezoito imaxes que foron avaliadas polo fotógrafo e técnico do COTSG, Aquilino Santiago, o fotógrafo de El País, Óscar Corral e a Xunta de Goberno.


Para Corral este tipo de convocatorias son "unha excelente idea para achegar ás persoas ao mundo da fotografía, un mundo a través da cal se pode narrar a realidade que nos rodea". No caso de Santiago quixo salientar a excelente acollida que tivo a iniciativa por parte das colexiadas, e que resultou ser unha oportunidade de dar a coñecer a realidade social que nos rodea a través da mirada persoal das traballadoras sociais".

Gañadora na modalidade xurado:
Reflexo da realidade, da colexiada Cristina González



Descrición da foto:
A fotografía amosa a unha nena dun asentamento irregular de Montevideo, onde carecen de saneamento básico e o principal medio de vida e a recollida e reciclaxe de lixo.

Gañadora na votación popular:
Crianza do rural, da colexiada M^a Nieves Suárez



Descrición da foto: *Un neno criándose no mundo rural... A pesar da modernidade actual podemos seguir atopando pequenos cornechos coma este que seguen no mesmo estado no que os desfrutaron e viviron os avós e avoas ou incluso bisavós e bisavoadas destas crianzas. Pódese así apreciar o moito que evolucionou Galiza nos últimos anos... E o inmutable que permanece nalgúns lugares.*

Outras fotografías que tamén tiveron éxito no facebook e chamaron a atención do xurado



O traballo social contemporáneo ten que ser medioambiental e ecocrítico



Autor: Francisco-Xabier Aguiar Fernández

Vicedecano de Trabajo social, Inclusión e Igualdade

Facultade de Educación e Trabajo social

Universidade de Vigo

A situación actual de pandemia que estamos a vivir ínstanos unha vez máis a considerar as relacións existentes entre a crise socioambiental e os cambios nos contornos de vida que afectan directamente á saúde e ao benestar. Nos últimos anos, o traballo social respondeu ampliando as súas consideracións teóricas e intervencións prácticas ao medio físico, e as súas conexións co planeta e todas as formas de vida, foron máis centrais no discurso da disciplina. Os debates sobre este novo enfoque ambiental ou "eco-crítico" enraizáronse en diferentes países, utilizando diferentes conceptos (traballo social verde, socio-ecolóxico, ambiental, entre outros). Todos eles teñen en común os seguintes elementos: i) continúan coa tradición do traballo social ecolóxico; ii) retoman a tradición do traballo social político e de cambio social; iii) desafían ao traballo social predominante esixindo un novo paradigma ecolóxico e a transición da sociedade; iv) propoñen un pensamento desde unha perspectiva global, pero creando accións nas comunidades locais; e, v) conciben o ser humano como unha parte intrínseca da natureza, superando o obxecto tradicional da "persoa no medio". O forte foco do traballo social nos dereitos humanos, a xustiza social e o empoderamento da comunidade proporcionan unha base sólida para participar nos procesos colaborativos, creativos e internacionais requiridos polas prácticas ambientais.

"O forte foco do traballo social nos dereitos humanos, a xustiza social e o empoderamento da comunidade proporcionan unha base sólida para participar nos procesos colaborativos, creativos e internacionais requiridos polas prácticas ambientais"

A Axenda Global para o Traballo Social e o Desenvolvemento Social 2012-2016 (Federación Internacional de Traballadores Sociais, Asociación Internacional de Escolas de Traballo Social e Consello Internacional para o Benestar Social) recoñeceu, entre outros retrocesos, que a saúde e o benestar da poboación sofren como consecuencia das desigualdades e ambientes insostibles relacionados co cambio climático, a contaminación, os desastres naturais, as guerras ou a violencia, e que o traballo social debería priorizar os esforzos para traballar cara á sostibilidade ambiental. A literatura e práctica do traballo social ambiental, especialmente no Estado español, aínda é vaga, con lagoas na súa aplicación e desconectada coa interacción diaria coas persoas usuarias ou participantes. A maioría céntrase no nivel macro, principalmente na política social e no desenvolvemento comunitario. Non obstante, tamén desde o nivel micro, normalmente asociado ao traballo con individuos e familias, é posible desenvolver habilidades e estratexias para o establecemento da relación, a valoración, a intervención e a avaliación a partires dun paradigma ecocrítico. Incorporar o medio natural nos espazos de relación do día a día, nas avaliacións e intervencións individuais ou grupais; promover

resiliencia e prácticas sostibles; colaborar con outros grupos ou organizacións, entre outras moitas estratexias, son só algúns exemplos.

Seguindo a Lena Dominelli (2012), autora do libro *Green Social Work*, o traballo social contemporáneo ten un interese particular en abordar os problemas ambientais como parte integral do seu mandato diario se quere manter o seu compromiso coas sociedades contemporáneas. É urxente que as/os profesionais do traballo social teñan en conta a formación, investigación e práctica das cuestións da degradación ambiental, a prevención de desastres e a preparación das comunidades para afrontar estes eventos e a construción dun sistema de resposta sucesivo.

"Este enfoque do traballo social respecta e valora o entorno físico ou natural como entidade con dereitos propios, condena a distribución desigual de bens, servizos e recursos naturais e pretende corrixilos"

Así, un papel profesional importante é facer visible como a sostibilidade planetaria é irreconciliable cos valores imperantes do capitalismo actual, e que isto só será posible na medida en que as institucións promovan unha verdadeira xustiza social e ambiental. Este enfoque do traballo social respecta e valora o entorno físico ou "natural" como entidade con dereitos propios, condena a distribución desigual de bens, servizos e recursos naturais e pretende corrixilos. Ao facelo, o traballo social verde, como outras formas progresivas de traballo social, é explicitamente crítico e político.

Así mesmo, o reto formulado implica desafiar urxentemente ás universidades para que formen a profesionais de futuro nunha nova visión do mundo; é dicir, outras formas de pensar e abordar as necesidades, os problemas, e as súas respostas, destacando a relación intrínseca entre a xustiza social e ambiental, ou entre a sostibilidade social e ambiental.



ENTREVISTA

"Unha renda básica ten que ir acompañada do fortalecemento dos servizos públicos"

Belén Navarro é directora do centro de servizos sociais "Alpujarra", en Almería. Forma parte do grupo de expertos formado polo Consejo General del Trabajo Social "Nuestras Voces". É activista da Renda Básica Universal e participou en ambos Encontros Virtuais organizados polo Colexio para falar deste tema. Despois de case medio ano da posta en marcha deste recurso, esta experta na materia, dános a súa opinión de como está a ser



(belén navarro)
trabajo social y tal...

Belén Navarro tamén forma parte da Blogtsfera, a sección de blogs da web do Consejo General del Trabajo Social. Podes ler as súas reflexións no seu espazo:
www.trabajosocialytal.com

Que impresión tes despois de meses co IMV implantado?

Está a ser un fracaso. Primeiro porque a filosofía que sustenta o modelo estaba baseada na condicionalidade e na criminalización da pobreza. Logo pola expectativa que xerou na cidadanía e que non se viu cumprida en absoluto e, por outra parte, porque sabíamos que as CCAA ían facer un repregue nos sistemas de rendas autonómicas para que fose o IMV o que cubrise a necesidade da xente.

O goberno anunciou melloras nalgunhas das condicións...

Iso din, na práctica profesional non o estamos vendo, estamos vendo un colapso total nas solicitudes e un labirinto burocrático para a cidadanía que o solicita, que contrasta coa alfombra vermella que se lle pon a outros sectores que tiveron que ser axudados como os autónomos. Aí non se tardou nada en despregar plans de axuda pero como a xente máis desfavorecida ten que demostrar que é pobre e, ademais, penando para ter un subsidio pois... así estamos.

A que te refires cando dis que o IMV é criminalizador?

No seu día, cando se propuxo a posta en marcha do IMV, por parte do cogoberno, especialmente desde a parte de Unidas Podemos dicíase que era unha axuda que só ía estar condicionada a rendas, que ía ser un paso intermedio cara a renda básica. Pero á hora da verdade, cando houbo que facer o trazo fino da prestación, introducíronse

moitísimas condicionalidades. E iso, o que nos está dicindo é que a xente ten que ser merecedora e niso hai unha especie de xuízo moral que implica que a xente ten que demostrar que non atopa traballo, demostrar, demostrar, demostrar... e eu creo que esa continua demostración é criminalizadora.

Como tería que coexistir con outras rendas de inserción como, por exemplo, a RISGA?

A coexistencia é difícil. Se o IMV mellorara, o propio sería que os diferentes sistemas de rendas mínimas fixesen ese complemento para chegar, polo menos, ao IPREM. Agora, isto é moi difícil porque as propias CCAA teñen tendencia a querer manter estes sistemas de rendas mínimas que son altamente criminalizadores, controladores e burocráticos. Eu mesma tiven un debate con Mónica Oltra en Twitter porque colgou un chílo dicindo que o IMV tiña que formar parte dos sistemas de rendas mínimas. E eu díxenlle que se o diñeiro ía ser para perpetuar unhas rendas tan burocráticas e criminalizadoras como a súa pois que non. Así, incluso nas comunidades gobernadas por partidos políticos supostamente máis progresistas, ao final aflora un marxismo moi mal entendido de que o traballo dignifica, que non é así para nada, e esta serie de crenzas, porque son só iso, crenzas, porque está cientificamente demostrado que os sistemas de rendas condicionadas non funcionan, pero non facemos caso da ciencia e facemos política en base a crenzas e isto preocúpame.

ENTREVISTA

Desenvolve esa idea de que o traballo non dignifica...

Ese marco está mal entendido porque parte dun contexto social e económico que é o posterior á revolución industrial e ata a metade do século XX que eran economías baseadas na relación capital-traballo e isto xa non é así; vivimos nun capitalismo posindustrial no que o emprego é cada vez un ben escaso. O emprego per se non dignifica. De feito, o que deixou moi claro Marx era que a garantía de subsistencia era a primeira premisa para que unha persoa puidese ser libre. Hai un erro en canto a entender que o traballo dignifica, porque hoxe en día, non garante saír da pobreza ter un emprego. Non nos chama a atención que á cidadanía se nos garanta a sanidade e a educación pero si que nos escandaliza que se nos garanta o dereito á subsistencia.

"Non nos chama a atención que se nos garanta a sanidade e a educación pero si o dereito á subsistencia"

Foi un escollo para o trámite do IMV que as oficinas da Seguridade Social estivesen pechadas?

Totalmente, a min este tema dóeme porque queremos pensar que a sociedade española está completamente tecnificada e que todo o mundo ten acceso á tecnoloxía e non é así. Eu agora mesmo estou dirixindo un centro no que hai persoas que precisan ir presencialmente e iso non podemos obvialo. A Seguridade Social non pode estar pechada a cal e canto. Eu creo que isto da covid foi, nalgúns casos, unha excusa porque temos medidas para atender á xente con seguridade. Ademais, as administracións tendemos a xerar unha imaxe da cidadanía irreal. A xente fai as súas colas perfectamente. É verdade que na primeira parte da pandemia, a segunda quincena de marzo, coñeciamos moi pouco, pero unha vez que sabemos como protexer-nos, pois esas oficinas terían que estar para atender xente presencialmente.

Isto foi perxudicial para os servizos sociais?

Si, toda a pandemia e, en particular, o IMV. Desde os comunitarios estabamos moi empeñados en non tramitalo, pero non por non querer facelo, non por non querer máis carga de traballo, senón porque se se fai desde servizos sociais é porque hai un proxecto de intervención detrás, que era o queriamos evitar. Que ocorre? Que como este estado non fixo a transición dixital que tiña que ter feito, se ti tes unha familia dándose cabezas contra as administracións pois remata en servizos sociais, aténdela e, se ao final a cousa sae mal, os responsables somos os ser-

vizos sociais.

Cres que toda a profesión está interesada en que este tipo de ingresos universais deixen de lado ás axudas condicionadas?

Por un lado, hai un medo a abandonar a certidume que supón tramitar este tipo de axudas; por outra parte, hai unha crenza moi arraigada, errónea, de que non saberíamos traballar desde outros paradigmas. E logo hai un sector da profesión que si que ten esa perspectiva da pobreza, de criminalización, de necesidade de titorización e de supervisión. Pero creo que a maioría non é tanto por un prexuízo senón por un medo, por un lado, a saír do que habitualmente se fai, e polo outro, por que non dicilo, a perder poder. E eu aquí fago miña unha frase de Teresa Zamanillo que di que hai que utilizar o poder como verbo e non como substantivo. Poder facer cousas para que a xente teña proxectos de vida máis autónomos e satisfactorios.

Europa debe camiñar á Renda Básica?

Indubidablemente. Non é posible que se nos garanta a educación e a sanidade universal e non a subsistencia, máxime, como dicía antes, nunha sociedade na que o pleno emprego é unha quimera, e coa tecnificación da economía, cada vez vai haber menos emprego, e os empregos novos van ser para xente que teña cualificación co cal, que facemos con quen non a teña?

A Renda Básica Universal, para empezar proporciona un ingreso mínimo á cidadanía e evitará ter a milleiros de persoas abandonadas á súa sorte e, segundo porque hai algo que nos debería levar a pensar que non é algo tan disparatado e é que xa hai sectores da dereita que avogan por unha renda básica. Por que? Porque son conscientes de que o emprego é un ben cada vez máis escaso e porque sen ingresos non hai consumo. Como non haxa consumo, párase e a economía e iso é o último que se debe parar. Aquí é importante subliñar que a Renda Básica que moitas propugnamos non ten nada que ver coa que propugna o modelo neoliberal, que é unha renda básica como un cheque para mercar bens e servizos no mercado. As que propoñemos unha renda básica de carácter libertario afirmamos que ten que ir acompañada dun fortalecemento dos servizos públicos. Non é un substituto dos servizos que agora recibimos.

É dicir, que calquera cidadán podería optar a non traballar, mesmo que houbese un traballo para el ou ela...

Se o pensamos, o problema que ten a RBU, é que implicaría un maior poder de negociación da clase obreira fronte ao capital, porque as persoas que estivesen en pre-

cario xa non terían que aceptar traballos de merda. E digo traballos de merda porque é a denominación que lle dan economistas como Guy Standing, non é que diga eu. Claro, é que isto no fondo é un razoamento perverso porque claro, "a xente podería escoller non traballar", pois é que eu, se unha persoa está traballando de rider moitas horas e cobra 400€, creo que tería que poder elixir non coller ese traballo.

Con todo, se houbese unha renda básica, podería haber proxectos de inserción con vinculados á condicionalidade ou habería que desterralos totalmente?

Poderían existir! O problema que hai é que tomamos a parte polo todo. O outro día falaba cunha compañeira de que cando á xente se lle tramita unha axuda económica que se teñen que traer os tickets da comida para ver en que o gastaron. Entón eu facíalle o seguinte razoamento: o que me estás querendo dicir con iso é, que se todos teñen que traer os tickets, é porque ninguén sabe administrarse porque senón, para que lle pides o ticket? E non hai persoas que se administren mellor que as que menos teñen. Como se apañan con 400€? Entón, o problema é crer que a xente que está en procesos de exclusión ou excluída é porque ten unha avaría individual que arreglar. Esta sociedade proporciona solucións biográficas a contradicións sistémicas. O compañeiro Pedro Celiméndiz fala de separar subsistencia de inclusión. Non podemos condicionar a subsistencia á inclusión, son dúas cousas distintas. Celiméndiz sempre di: "a xente ten que vir comida e vestida aos servizos sociais" e logo diso, traballamos.

"O problema é crer que a xente que está en proceso de exclusión ou excluída ten unha avaría individual que hai que amañar"

Ao mellor hai xente que non quere incluírse no sistema...

Claro. Teríamos que partir de que entendemos por incluírse no sistema. A exclusión social, no fondo, é un concepto-trampa porque falar de exclusión do sistema implica que hai un sistema que funciona ben e que hai unha serie de xente fóra que ten que entrar cando, en realidade, o sistema que temos é o que xera esas dinámicas centrípetas de botar á xente fóra.

Agora, se eu quero ser rica, aínda que teña unha renda básica, teño liberdade para montar proxectos que me leven a acumular capital, pero non todo o mundo ten os mesmos obxectivos. Hai que preguntarse, darlle a unha volta a que entendemos por inclusión.

FORMACIÓN

O reto da formación na covid19: 100% online e con encontros virtuais

Unha das cuestións claves para a Xunta de Goberno do COTSG sempre foi a Formación. A técnica Fe Sampayo é quen se ocupa da planificación desta área xunto coas compañeiras de Xunta de Goberno Silvia Sanjurjo e Mapi Lema.

Coa chegada da covid19 en marzo toda a formación se tivo que adaptar para dar resposta á cuestión imposible de poder compartir unha aula presencialmente.


Sampayo explica que "foi preciso reorganizar as accións formativas de xeito que priorizamos as que despertaran maior interese ata o momento". Do mesmo xeito explica que "tamén se identificaron novos contidos formativos tendo en conta o contexto actual e, respecto á modalidade forma-

tiva, optouse pola modalidade virtual a través de videoconferencia".

Por outra banda, comenta que "os encontros virtuais naceron como espazos de diálogo entre as e os profesionais do traballo social vinculados a diferentes eidos de intervención co fin de compartir coñecementos pero tamén de crear rede e arroupar á colexiación neses momentos tan duros. Organizouse unha segunda edición pola boa acollida que tiveron.

A técnica sostén que, se ben esta adaptación foi un reto, tivo unha moi boa acollida entre a colexiación incrementándose, mesmo o número de participantes.

Os datos dos Encontros Virtuais: 15 encontros e 531 persoas participantes
No 2020 ofertáronse 41 accións formativas nas que participaron máis de 1200 persoas



Non perdas o ritmo! Deixámosche un avance das moitas ofertas que che faremos!!

Convocatoria de Teleformación 2021



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

Metodoloxía do Marco Lóxico aplicada a proxectos sociais | 50h | Febreiro- Marzo |
Docente: Diana Escobar

Traballo Social e Senior Cohousing | 100 h | Febreiro-Maio |
Docente: Victoria Abadía

Formación para a docencia. A labor formativa e docente dende o Traballo social | 100 h | Abril-Xuño |
Docente: Alexia Peteiro

Creación e xestión de Centros de Día para persoas maiores | 100h | Maio-Xuño |
Docente: Lucía Fandiño

Responsabilidade Social de Xénero | 100 h | Xuño-Outubro |
Docente: María Soliño

Intelixencia Emocional e Deontoloxía Profesional aplicado ao Traballo Social | 50 h | Setembro-Outubro |
Docente: Emma Seoane

Os coidados a pequena escala

Ao non dispor de recursos e programas coa finalidade de que as persoas maiores podan permanecer no seu medio, leva a que o modelo actual de coidos se asente fundamentalmente en residencias. Pódese tamén facer unha dobre interpretación, que a forte aposta destes recursos por parte da administración autonómica, vai en detrimento doutro tipo de recursos de proximidade que manteñan ás persoas non seu medio de vida. Puntualizar que a maioría das prazas de residencia son privadas en están emprazadas en residencias de gran tamaño. Os coidados nestas institucións carecen pola propia natureza dun carácter humano e próximo xa que é totalmente imposible que se podan ter en conta os desexos, demandas e necesidades de cada persoa polo enorme esforzo orzamentario que suporía e que polo tanto non daría lugar a rendementos económicos. En contra disto tamén hai que ter en conta dúas particularidades, que as pensións galegas son as máis baixas de España, e que a maior parte das persoas que integran unha residencia son dependentes o que leva a realizar unha inversión moito maior sobre todo en persoal especializado. É necesario recalcar que precisamente estas persoas son as que máis apoios precisan tanto de contactos directos e recoñecibles como de contornas tamén facilmente recoñecibles

Dicir que este modelo de residencias imperante en Galicia e poderíase dicir que en todo España, foi prohibido en Dinamarca xa no ano 1988. En consecuencia, en 1996 a reforma danesa implantou vivendas con coidados (plejeboligreformen). O seu obxectivo era incrementar o número de vivendas con atención e coidados permanentes para persoas con necesidades continuas. Este tipo de vivendas podíanse implantar como novas construcións ou como reformas das residencias existentes. Por tanto, a maioría das residencias transformáronse nas chamadas vivendas con coidados (plejebolig) para tratar a pacientes cun alto grao de dependencia. Con todo, procuraron que as persoas maiores seguisen o máis tempo posible nas súas casas. Así a axuda no fogar foi o principal servizo provisto aos maiores. Inclúanse xa todos os que existen na actualidade en Galicia, pero a maiores xa consideraban unha visita anual a todas as persoas maiores de 75 anos e coidados de noite, de forma que os servizos proporcionáanse en función das necesidades e discapacidades. Ademais se hai que facer reformas na vivenda son os concello o que se encargan a petición da persoa. Se as obras son maiores e a vivenda aumentara o prezo, existe a posibilidade de pedir préstamo con forte investimento público. Pódese ofrecer tamén a posibilidade de traslado a outra vivenda adaptada. Os distintos modelos vense compensados e reforzados polos servizos sociais e caracterízanse pola descentralización. Pódese dicir entón que Dinamarca apostou por modelos de proximidade e de vivenda, así xa no 1930 o Concello de Copenhague constrúe 6000 vivendas para persoas maiores.

As prazas de residencia en Galicia resultan insuficientes, (segundo a cociente de prazas recomendada pola ONU, sumando as prazas públicas nas súas distintas modalidades, só na provincia de Lugo, sería necesarias 2.856,55 prazas, ademais das xa existentes) pero ademais a súa tipoloxía revélase pouco adecuada á luz das circunstancias vividas coa pandemia e o cambio de paradigma social que está demandando outros modelos de coidados, polo que a prohibición de seguir construíndo macroresidencias e a conversión das grandes tanto públicas como privadas, en apartamentos (fogares) de 8-12 persoas afastándose do modelo hospitalario actual, é unha necesidade que urxe.



Autora: Sagrario Fernández

*Codirectora do documental
A vivenda, un ben social?*

Traballadora Social do HULA

Outro factor que inflúe na calidade dos coidados neste tipo de servizos é que a maior parte, encóntranse afastadas en áreas periurbanas, o que dificulta o acceso das persoas ao desfrute da cidade. As persoas maiores tenden a buscar espazos onde podan ver á xente pasar, espazos tranquilos pero socializados. Polo tanto, a inclusión dos servizos e recursos deben ser dentro da cidade, promovendo a súa integración e tamén participación nas dinámicas sociais. Malia isto, a administración galega non apostou por un modelo de servizos de proximidade nin que cumpriran os requisitos sinalados, pois como exemplo temos que na provincia de Lugo, hai só (prazas públicas das distintas administracións) 33 prazas de pisos tutelados e 111 de vivendas comunitarias, fronte ás 1789 prazas de residencias. Con respecto á arquitectura das grandes residencias, acostuma a ser o contrario do que precisan as persoas maiores: Espazos grandes, carente de personalidade, sen límites adecuados nas dimensións e sen a intimidades que precisan moitas veces cando a familia ou amigos as visitan.

A administración galega debería facer unha forte aposta pola axuda no fogar, ao mesmo tempo que diversificar os servizos e crear novos programas adaptados que consideren a dimensión social e a colectivización dos coidados. Este modelo de coidados debe contar coa participación e a implicación das propias persoas e das comunidades para o que se fai imprescindible o debate social que promova propostas e proxectos. Para empatar con este modelo é imprescindible contar coa vivenda como un recurso social na que se deben implantar políticas tendentes a:

- Mobilizar o parque de vivenda baleira.
- Eliminación das barreiras arquitectónicas das vivendas habitadas por persoas maiores.
- A cesión de vivenda pública a unha comunidade de persoas que, baixo a figura de cooperativa ou sociedade, xestione a súa utilización para os coidados colectivos durante a vellez. Para isto a propia administración podería adquirir vivendas baleiras que moitas veces están próximas e tamén edificios grandes sen uso, tanto públicos como privados.
- A xestión pública directa ou compartida de vivendas destinadas aos maiores xa sexa con un servizo de día ou residencias, con entidades de poboación tales como asociacións de veciños, montes veciñais, ou entidades sociais que teñan como finalidade os coidados compartidos e a vida comunitaria dentro da lóxica da xestión pública. É necesario facer fincapé na importancia deste punto, xa que por unha banda estimularíase a participación no deseño e xestión, e doutra gañaríase en humanidade e eficacia ao implicar a persoas que se coñecen e que polo tanto non son alleas ás problemáticas da zona.

Entón é moi importante que a xestión dos servizos sexa proporcionada por entidades da propia zona malia que se levantan voces dicindo que a normativa europea non o permite. A isto dicir que se se fixo unha normativa e tratados tan complicados para sacar adiante certos acordos, agora poden empregar as mesmas forzas para reverter esta situación. O territorio, as comarcas como entes territoriais previstas de contidos, non son tidas en conta na implantación de recursos. Así mesmo as entidades locais, máis concretamente, os servizos sociais comunitarios sufriron unha perda de persoal e programas que vai en detrimento da boa atención e desenvolvemento de servizos que poñan en valor á comunidade, a esa rede social que sempre foi o que máis amparou ás persoas.

ENTREVISTA

"Como grupo de traballo loitaremos porque o noso perfil se reintroduza na Educación"



Laura Zapata forma parte do grupo de traballo do COTSG de Traballo Social e Educación. Ela e o resto de compañeiras de colexiación que participan deste grupo están a desenvolver iniciativas para visibilizar e reclamar a volta da figura do traballo social aos centros educativos. Unha figura que é punteira noutros lugares do Estado como, por exemplo, Canarias.

A súa traxectoria ten unha marcada relación coa infancia e a mocidade polos traballos que foi desenvolvendo e declárase unha "apaixoadada" do traballo social no eido educativo. Traballou ata o 2017 en ASPACE Coruña e na actualidade traballa coma técnica de inclusión social na Estratexia de Inclusión Social de Galicia

Hai unha tendencia a vincular o traballo social cos servizos sociais, que é o traballo social educativo?

O que ocorre cando entedemos o traballo social só como servizos sociais comunitarios é que desborda o sistema. Está o traballo social sanitario, xudicial... dentro da nosa profesión hai diferentes campos nos que o noso é un perfil profesional necesario e, entre eles, o educativo. Este, o de Traballo Social e Educación é o grupo de traballo do Colexio no que eu estou e que estou representando. Eu creo que unha cousa perxudica á outra. Que se focalice todo en servizos sociais prexudica que se visualice a figura do traballo social especializado, con intervencións especializadas como no eido Educativo e, ao mesmo tempo, prexudica aos servizos sociais comunitarios porque están totalmente desbordados. Iso viuse perfectamente con esta crise social que comezou coa crise sanitaria. Os servizos sociais comunitarios non poden máis. Precísase unha revisión completa do sistema para, realmente, potenciar os recusos que temos como traballadores sociais en favor dos diferentes campos. No eido educativo viuse. Eu estiven no teléfono social que o COTSG estivo coordinando e houbo moitas chamadas de pais e nais desesperadas que non tiñan nin equipos, nin internet, nin para comer e os servizos sociais colapsados porque suplen as carencias de todo o sistema.

A perda da figura do traballador social nas escolas tivo que ver con esa tendencia?

Si pero tamén tivo que ver coa suposta funcionarización do persoal laboral alá polos 90. Iso foi por unha orde do 30 de novembro do 92 e logo outra no 93, en abril que estableceron este procedemento. Iso implicou que os traballadores sociais educativos tiveron que acceder ao corpo de docentes, concretamente ao de FP, de técnicos en especialidade de servizos á comunidade. E esa era a única maneira que tiñan para acceder á rede de orientación educativa. Iso provocou que se fose perdendo a identidade e o rol profesional e a intervención especializada. A nivel normativa foi desaparecendo pouquiño a pouco o perfil do traballador social. Quedan algunhas compañeiras en Galicia nos equipos de orientación pero moi poucas. Por outra banda, o feito de enlazar traballo social con servizos sociais, e isto si que pode ser un punto de vista un pouco particular, o que conleva é que centremos o traballo social en papeleo porque realmente as compañeiras non poden máis e non hai unha intervención directa suficiente, non chegan ao que a elas lles gustaría.

"O proceso de funcionarización do persoal laboral dos 90 foi un dos responsables da desaparición da nosa figura en Educación"

A ou o profesor pode detectar situacións determinadas no estudantado, cal é a función da ou do traballador social?

Claro, a escola é o primeiro medio onde se ven as necesidades sociais e familiares. A nivel de prevención é o medio ideal. As e os profesores teñen formación en pedagogía pero non esa visión social que si temos as traballadoras sociais.

"As e os profesores teñen formación en pedagogía pero non esa visión social propia da nosa profesión"

Entón eu creo que o perfil social é moi necesario nas escolas nese sentido para esa visión ampla, somos a engranaxe entre a familia, o sistema educativo, a comunidade e os recursos. Nós temos unha experiencia, unha relación cos demais sistemas e, realmente, iso é o que nos avala e o que nos diferencia totalmente do docente. O docente pode observar e titorizar pero, realmente, precísase unha profesional do ámbito social para poder diagnosticar e derivar ou intervir.

É unha figura particularmente precisa nun territorio coas características de Galicia?

Totalmente e vese aínda máis na situación na que estamos, que clarifica absolutamente todo. Imaxina que ten que haber un illa-

ENTREVISTA

mento porque un alumno deu positivo e mandan a todos para a casa. Ao mellor vive cunha señora de oitenta e pico anos que é paciente de risco. Ou un concello que pecha durante X tempo e non teñen ordenadores, nin un espazo para traballar nin unha maneira, en definitiva de levar as clases a distancia. A visión social, do que vén a ser o contexto, iso é moi necesario.

Falabas antes do diagnóstico e o informe social, cal é a relación neste ámbito dos centros escolares coa Educación Social?

Nós desde o grupo de traballo temos claro que formamos parte dun equipo. Educación Social ten un perfil máis pedagóxico ca o noso pero nós o que temos é o perfil máis técnico no sentido de facer esa diagnose, de ver os recursos, dese contacto cos diferentes sistemas, da valoración social. Eu non me sinto para nada atacada polos educadores sociais, eu entendo que teñen que procurar o seu espazo e que teñen menos historia ca nós, que nos avala moita normativa. Simplemente somos diferentes e, por iso, precisos nos equipos multidisciplinares.

"O diagnóstico social e a visita domiciliar son ámbitos propios do traballo social"

Iso si: o diagnóstico social e a visita domiciliar son ámbitos propios do traballo social. Quédanos moito por loitar como profesión e desde o grupo de traballo temos claro que non é un enfrontamento, senón que vemos a necesidade do perfil social, sabemos o que podemos aportar ao sistema educativo e estamos por visualizalo e recuperar o que fomos perdendo.

Cales están a ser as vosas accións como grupo?

Levamos uns dous anos. Ata agora fixemos, sobre todo, temas de visualización con notas de prensa e material divulgativo, pero tamén xuntanzas. Por exemplo, reunímonos coas ampas neste contexto de pandemia. Tamén houbo conversas e mandáronse escritos á Xunta, o último que se fixo foi solicitar a participación nas comisións de absentismo escolar. Efectivamente, desde a Xunta recoñecerón que formará parte un perfil social, que apareza dentro deses equipos. Que considero que se debería especificar traballador social? Pois si, pero a min xa me parece un logro moi positivo.

A finais de decembro xuntámonos xa co BNG e estamos agardando a fixar xuntanza con PP e PSOE para explicarlles o necesario do noso perfil no sistema educativo e a normativa

asociada. Continuaremos con campañas nas redes sociais e con xuntanzas cos axentes que sexa preciso. Como grupo loitaremos porque o noso perfil se recoñeza e reintroduza neste ámbito, iso sen dúbida e, a posteriori, seguiremos traballando porque é algo en construción.

Debería a profesión facer autocrítica neste aspecto?

Si, é necesario ser autocríticas pero tamén é que temos moitas fronteas abertas! Ademais o traballo social clínico vén de conseguir ser profesión sanitaria e hai que quitarlles o sombreiro e eu estou convencida de que este é o noso momento porque viuse nestes confinamentos que é unha necesidade.

"O traballo social non pode funcionar por parches, que foi o que aconteceu nesta crise"

O traballo social non pode funcionar por parches que foi o que aconteceu nesta crise e que é unha situación que xa viña arrastrada de antes. De existir o perfil, o profesional do traballo social educativo estaría facendo un seguemento que non pode recaer no persoal docente. Poderían, mesmo, neste caso concreto, facer rastrexo nos centros.

Material divulgativo feito polo grupo de traballo en colaboración co departamento de Comunicación do COTSG

QUE APORTA O TRABALLO SOCIAL AO SISTEMA EDUCATIVO?

Somos parte da clave para afrontar esta crise

Prevención e detección

Contribúe a previr, diminuír e detectar indicadores de risco que poidan xerar inadaptación social e escolar, facilitando a reincorporación do alumnado, a orientación para o profesorado e a información sobre os protocolos existentes

Información e asesoramento

Informa e asesora sobre protocolos (absentismo...) e dúbidas relacionadas coa crise da covid19

Integración e diversidade

Facilita a integración do alumnado migrante, pertencente a minorías ou con necesidades educativas especiais. Atende á diversidade.

Participación e implementación

Participa na elaboración e implementación de programas específicos para dar resposta ás necesidades sociais e persoais do alumnado e das súas familias.

Mediación

Media entre a familia e a escola. Aborda as situacións de conflito entre o alumnado.

Coordinación, derivación e mobilización

Potencia a coordinación coas distintas entidades e organismos que interveñen (Sanidade, Servizos sociais, xustiza etc.). Profesionais habituados/as e con experiencia no traballo en rede. Busca/mobiliza/deriva recursos.

Equidade

Traballa por diminuír e/ou paliar a fenda dixital nas familias e reduce o efecto das desigualdades socioeconómicas entre o alumnado.

Acompañamento

Aposta polo acompañamento e escoita do alumnado e das súas familias en todas as situacións, en especial neste momento de crise.

Intervención

Detecta situacións de risco (malos tratos infantís, abuso sexual, problemas emocionais, problemáticas sociofamiliares...) e aborda situacións de vulnerabilidade social. Tamén incorpora a perspectiva de xénero.



ENTREVISTA



"A experiencia co Prestige serviume para a crise da covid19"

Luz Campello é Traballadora Social Sanitaria e Licenciada en Socioloxía. Dende o 2011 exerce como Xefa do Servizo de Traballo Social da Área Sanitaria Integrada da Coruña. Actualmente, dirixe o Programa Social Sanitario fronte ao COVID 19 na Área Sanitaria da Coruña

Como foron os primeiros momentos na crise da covid19?

Tivemos a sorte de que actuamos moi rápido pola miña experiencia previa co Prestige, dinme conta que vivía unha situación que xa coñecía: a actuación en situación de emerxencia. Rápidamente reunín a 4 persoas do equipo que foron as coordinadoras e deseñamos as liñas principais a seguir. Pensamos: nesta situación a primeira necesidade á que tiñamos que dar cobertura era o illamento social tanto nos hospitais como no domicilio. Nós, que sabemos da importancia do apoio social, sabiamos que isto era o maior impacto ao que tiñamos que dar resposta. Polo tanto, decidimos que o primeiro que tiñamos que facer era poñernos en contacto coas familias porque os doentes estaban atendidos pero as familias tiñan, incluso, falta de noticias. Pedimos listados de doentes e puxémonos a chamar, a escoitar, a coñecer as necesidades, se na casa había outras persoas vulnerables e se tiñan atención... E tamén identificabamos as necesidades de comunicación que podían ter. Rapidamente falamos cos psicólogos para traballar conxuntamente. En primaria, en vez de chamadas ás familias era ás persas ailladas nos domicilios para saber se tiñan as

condicións axeitadas, se tiñan as necesidades básicas cubertas e mobilizar recusos e facer apoio psicosocial.

Para organizarnos, desde primaria repartimos os concellos da área metropolitana, periurbana e rural entre as traballadoras sociais para que estivese toda a área cuberta nos casos covid. Na Coruña, que ao ser a zona máis urbana había máis casos, xurdiron as necesidades da poboación que estaba soa nas casas e que, derivadas do confinamento, lle apareceron problemáticas: pecharon os centros de día, había problemas coas empresas de axuda a domicilio, as familias ao mellor non podían ir porque estaban afectadas... E houbo que centrarse nesa xente, na vulnerabilidade. Pasamos un listado aos médicos de indicadores de risco para pasarlle aos pacientes covid e eles facían o cribado e pasábannolo. No equipo deixamos 3 persoas para levar non covid e as demais para a atención á pandemia.

Tamén adaptamos os instrumentos de recollida de datos para que toda esa actividade quedase reflectida. E en atención primaria fixemos un programiña específico para recoller a situación dos domicilios. Nesa época ini-

cial, en primaria atendéronse a 500 persoas e no hospital o mesmo.

Outra cousa que vin desde o primeiro momento foi a necesidade de tecnoloxía e por iso solicitamos teléfonos e tablets para buscar medios para comunicarnos no illamento.

Cal é a situación actual?

Agora mesmo a poboación xa está moito máis preparada e, aínda que facemos as chamadas a todas as persoas que ingresan, desde agosto, están máis preparadas, mesmo teñen acopio de alimentos. Tamén están máis informadas, o propio sistema sanitario ten máis experiencia... Agora mesmo fanse as chamadas para ir vendo se xurden novas problemáticas ou para darlle resposta a dificultades de coordinación coas PCR, a volta aos traballos e cuestións de educación sanitaria. Agora mesmo estamos traballando moito na liña de saúde mental. Logo da primeira etapa, no periodo da desescalada, reorganizamos o equipo, sabendo as necesidades previsibles. E, unha delas, era un impacto a nivel de saúde mental enorme. Entón reforzamos toda esa parte, tanto servizos de urxencia, de saúde mental e comunitarios de

ENTREVISTA

saúde mental. Tamén traballamos a liña de facilitar a accesibilidade ao sistema sanitario, especialmente das persoas máis vulnerables e coa situación de acceso ao sistema sen regular. Outra liña que estamos a traballar e que imos aumentar unha persoa no equipo para iso é na relación con todo tipo de institucións sociais e no ámbito comunitario: centros residenciais, centros de discapacidade, centros de saúde mental... etc. A raíz do que pasou coa covid viuse que era preciso traballar máis directamente para facilitar recursos e medios á xente que estaba en institucións. E aí estamos vendo en que podemos mellorar e como podemos facer esa coordinación sociosanitaria.

Vimos que o modelo residencial para persoas en situación de dependencia ten moitos deficits e tampouco é a mellor forma para dar resposta ás necesidades da poboación. Creo que temos que apostar moitísimo polos servizos no fogar e por uns servizos moito máis amplo. O servizo de axuda no domicilio quedou moi escaso en competencia, non pode limitarse só a limpeza e alimentación. Ten que ser integral e dar resposta a moitas máis necesidades. Cando lle preguntamos ás persoas onde queren vivir, mentres non teñen deterioro cognitivo, todos queren no fogar. E temos que ter en conta as preferencias da persoa e iso parece que ten que ser teoricamente pero logo, na práctica, parece que hai unha présa por parte de toda a sociedade de quitar a persoa da súa casa. Hai esa concepción de que a persoa está protexida nun sitio onde estea atendida a nivel sanitario. Por iso é precisa a coordinación entre servizos sociais, sanitarios e sistema residencial.

"Cando lle preguntamos ás persoas onde queren vivir, todas queren no seu fogar"

Como avalías a situación do espazo sociosanitario en Galicia?

O espazo sociosanitario, realmente, non está desenvolto, traballouse moi pouco nesta liña, a nivel xeral no Estado, todo sobre o papel parece moi doado pero na práctica non se fixeron esforzos. Creo que é unha das cousas positivas que vai traer a pandemia porque se fixo patente unha realidade que estaba escondida debido a que xente ingresada nos centros residenciais non ten voz visible. Pero, salvando as diferenzas, estamos no século XIX, cun modelo de institucionalización das persoas, relacionado con grandes centros case como única alternativa porque os servizos de SAF e os intermedios son moi limitados (non hai centros de noite, de fin de semana ou ingresos temporais). Tal como está funcionando agora, ou tes acceso ou quedas fóra, non se

contempla estar só ingresado unha tempada que o precises, agás que teñas cartos para internar na privada onde, con todo, hai intereses en promover que as persoas estean alí. Polo tanto, todo isto ten que ser desde os servizos públicos sociais e de saúde.

"O sistema ten unha orientación ao servizo, non ás persoas. Os profesionais temos que acompañar, non decidir pola xente"

Creo que a pandemia evidenciou á forza estas cuestións, porque impactou de xeito moi agresivo nas residencias e fixo que o sistema público tivese que actuar e mobilizar recursos para mellorar esta situación. En Galicia optouse por formar equipos que se achegasen aos centros a axudar para a adecuada atención ao covid. Agora, que estamos nun segundo momento, eses equipos van quedar e engrosarse. É un bo paso para promover unha metodoloxía de traballo orientada ás necesidades das persoas e non á das profesionais e da ás da organización do traballo. O sistema ten unha orientación ao servizo, non ás persoas. Temos que axudar a facer un cambio nesa atención máis orientada ás necesidades das persoas e que os profesionais teñamos que estar máis formados para acompañar o proceso de cada persoa e non decidir pola persoa. Nós temos que ser eses profesionais especializados en apoiar ás persoas no seu proxecto e proceso de vida. E iso que parece tan básico supón todo un cambio de paradigma. O traballo social pode axudar moito nesta vía porque é a esencia da nosa profesión, que a perdemos moito no camiño, polo seu desenvolvemento, pola burocratización e pola xestión de recursos.

Como acompañastes os duelos da covid19?

Supuxo un reto para todos. As persoas tiveron que afrontar a situacións completamente novas que tamén o foron para nós. Entón, tiñamos que ir poñendo en marcha distintos servizos e apoios a marchas forzadas. Nesa liña o que fixemos foi poñer en marcha as videochamadas e facilitación de todo tipo de tecnoloxía para a comunicación. Tamén nos centramos moito na parte final da vida e no duelo. Fixemos unha iniciativa de chamadas de despedida. Que un familiar vaia falecer, estando só ou soa, parecíanos algo importante que coidar. Entón nós preparabamos ás familias, primeiro informaba ao médico da situación de gravidade e da previsión en horas e logo nós organizabamos, se as familias querían, as chamadas e logo xa se facían visitas de despedida. Non todo o mundo quería vir. Houbo persoas que non estaban preparadas para ver ao seu familiar intubado na UCI. Pero todas as persoas que quixeron, puideron facelo.

Logo nós fixemos un traballo de asesoramento ás familias porque, presencialmente só podía vir unha persoa. Viña en representación da familia e podía traer mensaxes e encargos. Se o familiar non podía comunicarse explicabamos que o tacto e a voz eran importantes... En resumo, todo o apoio no que pode ser unha despedida da vida dun ser querido. Ao principio era un duelo posposto, porque o duelo, o enterramento, a xuntanza das familias, ten unha función terapéutica. A xente foi procurando maneiras para apoiarse na distancia. Nós tamén promoviamos iso. Fomos facendo como puidemos. O ser humano ten unha capacidade de adaptación enorme e, como era un problema transversal, a xente víveo sabendo que ten que adaptarse e saír adiante como sexa. Ben é certo que aumentaron moito as consultas a psicoloxía e, tamén, problemas físicos que atenderon en primaria que era a somatización desa presión mental. En todo caso, desde o traballo social fai falta promover moita máis atención ao duelo.

Como vos coidastes as traballadoras sociais a vós mesmas neste proceso?

Intentamos facer apoios entre nós, con moito desgaste, sufrimento, algún caso de problemas de saúde, algunha baixa... Pero logo tratamos, cos turnos, respectar moitísimos os tempos de descanso porque nós non fixemos teletraballo, estivemos sempre alí. Pero iso tamén fixo que fose menos estresante porque estabamos todas. Coidámonos moitísimo para non coller a covid e tiñamos. Logo tamén, aínda que foi moi impactante, participar nunha situación de emerxencia, participar dáche a sensación de que puides facer algo. Tivemos moito apoio da dirección en todo o que propuxemos. Tamén hai persoas que na situación de caos medran e outras que se aturullan. Entón intentamos compensar e vimos que as e os profesionais que levaban esta situación eran os que estaban en oncoloxía, paliativos e saúde mental porque tiñan máis resiliencia en situación de final de vida e apoio psicosocial. Así, nesa segunda fase, deixamos na equipa da covid a esas e eses profesionais que o estaban a levar mellor. Ao ser un servizo centralizado onde podemos mover á xente por competencias iso facilitou todo moito.

En 2021 ides ser profesión sanitaria...

É unha reivindicación antiga e necesaria. Avalíoo moi positivamente porque a actividade que realizamos, é asistencia e clínica. Pero ao non ser sanitarios tiñamos dificultades a unha formación X de acceso para sanitarios, dificultades de acceso á historia clínica. Cuestións que eran contraditorias e marxadoras e que non recoñecían a labor que aportamos que é pouco visible pero esencial para as persoas e o propio sistema.

GRUPOS DE TRABAJO

Historias do exercicio libre

A nosa profesión atópase no reto de reinventarse mantendo a identidade que provén do seu corpo teórico e da sistematización da súa práctica profesional, cara a conquista de novos espazos. Polo tanto, o exercicio libre é a actividade profesional de carácter privado ofertada por profesionais do traballo social que crean o seu servizo profesional.

Concrétase na docencia privada, realización e xestión de proxectos sociais, consultoría social, realización de informes sociais, servizos de atención a persoas con

dependencia, lecer e tempo libre, mediación familiar, actuación no ámbito internacional, cooperación e desenvolvemento, etc. A incorporación da figura do traballo social nas empresas supón un avance na modernización da mentalidade do tecido empresarial.

No COTSG existe o Grupo de Traballo de Exercicio Libre formado por diversas profesionais que aportan unha visión indispensable da nosa profesión fóra das administracións. O seu facer é unha vaga de aire fresco fonte de novas ideas.



Alba María Álvarez Ferreiro

Comecei unha longa andaina da man do exercicio libre con escasa idea do que pode chegar a abarcar. Agora, tralas medras e poñendo nunha balanza o positivo e o negativo, manteño activo o meu vínculo con esta liña do Traballo Social. Que é para min o exercicio libre? É crecemento individual e da profesión. É innovación. É humanización de moitos sectores e campos de traballo que aínda nos están por descubrir. É motivación. É esforzo por sacar adiante aquilo que de verdade ilusiona. En poucas palabras: é exercer dende a propia liberdade.



Alexia Peteiro Mata.

Desenvólome profesionalmente no exercicio libre dende o 2017, inicialmente o meu proxecto naceu centrado na impartición de formación e docencia, e como xeito de dar resposta a un cambio de rumbo profesional. Unha vez dei o paso de darme de alta como autónoma, encontreime con moitas posibilidades para levar a cabo a miña profesión. Agora mesmo dende o exercicio libre, levo a cabo proxectos de traballo social en empresa, de formación e docencia, proxectos socio educativos e de consultaría social. Espero que o 2021 me permita cumprir os obxectivos de crecemento, e seguir poñendo en valor este xeito de traballar mediante o exercicio libre.



Victoria Abadía Calpena. Gabinete de Traballo Social Alicerce Social

Son traballadora social en exercicio libre e mediadora. Actualmente a miña actividade céntrase no ámbito sanitario, especialmente con persoas maiores e situacións de dependencia. O exercicio libre permitíume coñecer unha nova forma de desempeñar o traballo social e renamorarme da miña profesión. Emprender nunca é fácil, pero todo o positivo que me ofrece o exercicio libre prima sobre aquelas dificultades que poidan xurdir. Faime medrar cada día como profesional, superar os meus medos e inseguridades, manterme en constante reciclaxe formativa e o mais importante, ofréceme a tranquilidade de saber que estou a desempeñar o meu traballo como realmente quero facelo.



Montserrat Pérez Rodríguez. Gabinete de Traballo Social Empatía

Este gabinete nace co fin de ofrecer unha visión distinta dos servizos sociais convencionais unidos á administración pública. Pretendendo unha atención o máis individualizada, personalizada posible e polo tanto unha maior calidade nos servizos prestados tanto a nivel individual, grupal ou colectivo. Ofrece dende o exercicio libre do traballo social, distintos programas dirixidos nun primeiro lugar a empresas de índole privado, tales como centros de día, centros residenciais para a terceira idade e/ou discapacitados, clínicas médicas, asociacións, ... como á administración pública. A nivel individual e familiar traballa no eido da mediación así como na elaboración de informes sociais e periciais.

GRUPOS DE TRABAJO



"O SAF creouse para un fin pero nalgún punto foise deteriorando"

Patricia Fernández é compañeira de colexiación e integrante do Grupo de Traballo de SAF. Ela e as demais colexiadas e colexiados que o integran veñen de publicar dous documentos analizando, por unha banda, o estado do SAF, e polo outra este servizo en relación á COVID19. Falamos con ela sobre estas publicacións. Un dos documentos foi levado polo BNG ao pleno do Parlamento

Por que decidides o grupo de traballo de SAF facer este documento?

Fai máis de dous anos xuntámonos varias coordinadoras e coordinadores de Galicia. Démonos conta que a realidade que estabamos vivindo cada un, en cada concello e en cada empresa, non era algo puntual ou que unicamente nos pasaba a cada un de nos. Vimos que era preciso tomar medidas e facer algo. A única forma, era explicarlle a xente en que consistía todo isto. Agardamos que sirva para que se coñeza a verdadeira cara do SAF e para que cambien as cousas.

O título é "A verdadeira cara do SAF", por que ese nome?

É o reflexo do que sucede co servizo de axuda no fogar. Cando falas con alguén que non está metido neste mundo, daste de conta da idea equivocada que ten de todo isto. Hai compañeiras e compañeiros incluso, que pensan que estas cousas están superadas e é evidente, que non, xa que a realidade do que nos contamos neste escrito, afecta a moitos máis dos que poden imaxinar. O SAF creouse para un fin, pero nalgún punto do camiño foise deteriorando e, hoxe por hoxe, é un barco que afunde, e estamos intentando que abran os ollos para que non suceda.

Cales son os eixos máis importantes sobre os que pivota o documento que elaborastes desde o grupo de traballo?

Tocamos todos os paus. Explicamos o servizo, como cremos que debería xestionarse para sacar o mellor partido, os problemas que podemos encontrar no día a día con inspec-

ción de servizos sociais, cos propios usuarios, coas empresas, cos concellos. Falamos da problemática que levan sufrindo as coordinadoras e coordinadores de Galicia, con gardas 24h 365 días o ano. Falamos do incumprimento do convenio en varios artigos. Falamos do prezo que paga a xunta ós concellos, que está moi por debaixo do custe real.

Desde o grupo de traballo facedes fincapé na necesidade de máis protocolos para o SAF, cal é o motivo?

O SAF é o servizo do que máis se bota man e o que menos se ten en conta á hora de protocolos claros. A pandemia deixouno en evidencia. Todo foron protocolos para residencias, escolas, hospitais, pero en axuda no fogar quedamos completamente abandonados. Continuamos prestando servizo sen EPIS, xa que non había material, eran requisados para residencias e hospitais. Obrígoose a prestar servizo a usuarios positivos cando non había EPIS que garantiran a seguridade do persoal auxiliar. Non había un protocolo claro. Houbo concellos que non suspenderon nin o primeiro, e continuaron dando máis servizos incluso para limpeza en pleno estado de alarma. Protocolos en caso de abuso sexual nun domicilio? Pois dinche que cambies de auxiliar. O mesmo ocorre con agresións de usuarios ou familias ó persoal, cambio de auxiliar. Como se iso fose un protocolo. Préstolle os meus zapatos un mes ó que pense que é doado de levar a cabo a xestión, e menos sen protocolos claros e cada un facendo como pode. Iso crea confusión nos usuarios e usuarias e nas familias, xa que nun concello fan dunha maneira e noutro doutra.

Credes que é preciso ampliar os equipos de SAF a nivel multidisciplinar?

Por suposto. Como xa dixen antes, os equipos de SAF non están completos como marca o convenio. Hai poucas empresas e concellos que contan con: Coordinador, Axudante de Coordinación, Administrativo... Por norma xeral, contan coa axudante de coordinación, que cobra por axudante de coordinación, pero fai o traballo dos tres e cun teléfono de garda de luns a domingo de 7:00-22:00. Se cumpriran co equipo mínimo, o SAF funcionaría, e digo funcionaría, porque agora mesmo creemos que non está funcionando, está tirando como pode. Imaxina se a este equipo lle engadimos un psicólogo, un educador familiar, unha gobernanta, etc as melloras do servizo serían increíbles. Se queremos manter ás persoas nos domicilios, temos que contar primeiro, coa valoracións dos profesionais, que serán os que digan se realmente esa persoa debe quedar no domicilio. Con este equipo, o servizo sería de calidade, e non o que se está a dar agora.

Cales credes que son as potencialidades deste servizo de cara ao futuro?

Sendo sinceros, non podemos dicir que pinte ben. O SAF é unha pataca quente, como non hai prazas nas residencias, mantense á xente na casa a toda costa. A costa de auxiliares e coordinadoras e coordinadores, e incluso a costa da dignidade de moitos usuarios que deberían estar nun centro e non nun domicilio en segundo que condicións. Tal e como reflexa o escrito hai moito por cambiar, moito. Creo que o SAF ten que volver reformularse, dende un principio.

O BLOG

O teu espazo: o blog do COTSG

O Blog do COTSG é un espazo aberto a que a colexiación envíe os seus artigos ou soliciten entrevistas para difundir proxectos ou cuestións de interese para a profesión. Deixámosche algunhas das entradas de 2020



Marta Carro: “As e os profesionais do sector descoñecen que obrigas fiscais contraen ao desenvolver unha actividade”

Como é ser traballadora social de exercicio libre?

Ben, non é doado adicarse ao exercicio libre. Converterse en emprendedoras/es nunha área tan pouco acostumada como é o traballo social engade dificultades ao xa temido proceso de ser autónomo/a. Digo medo porque a xente ten moito medo de ser autónomo, de ter que xerar os seus propios ingresos dependendo das demandas do mercado sen saber se vai facturar o suficiente para poder pagar todos os gastos que isto supón. É máis cómodo traballar no rexime xeral e cobrar un salario fixo a fin de mes sin ter as preocupacións que temos os/as autónomos/as.



Gemma González: “Unha intervención a tempo desde o Traballo Social pode evitar a psiquiatrización”

Que pode facer o Traballo Social para reducir o estigma que existe arredor da saúde mental?

Desde os servizos sociais e comunitarios hai moito traballo que se pode facer, moitísimo: prevención, campañas, acordos coas asociacións, puntos de información nos centros xuvenís... achegar á cidadanía isto, normalizar a problemática da saúde mental. Tamén é un terreo moi específico e que dá un pouco de respecto pero para iso estamos as compañeiras especializadas nisto que estamos en entidades. Estamos dispostas a axudar, a acompañar ou a orientar na intervención con casos de saúde mental que teñan.



Chus Lago: “É fundamental implementar o acompañamento en procesos de duelo”

Dis que o SAF está arcaico, acontece en máis ámbitos dos servizos sociais?

Estamos nun intre no que temos que repensar o modelo de servizos sociais e cavar se está a servirlle ás persoas. Como podemos estar mandando a unha persoa de Vigo a unha residencia ao Barco de Valdeorras? Por que desubicamos aos pacientes? Pola escaseza de recursos. Entón, movemos ás persoas como se fosen papeis e, así, perden contacto cos catros veciños que teñen. E iso é ético? Temos uns servizos sociais o suficientemente éticos para garantir a dignidade das persoas? Pois algúns si e outros non! Pola propia dinámica de funcionamento.



María Ferraz: “O Traballo Social ten que estar presente en todos os sistemas de benestar porque a nosa profesión non está só vinculada aos Servizos Sociais”

Para que serve o traballo social en Educación?

Creo que o Traballo Social no sistema educativo é un perfil crave para identificar, valorar e abordar aqueles factores sociais que inciden no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. Hai que ter en conta que os nenos, nenas e adolescentes non van á escola libres de todas as vulnerabilidades que lles afectan fóra da mesma, por tanto, os centros educativos son espazos privilexiados para a detección daqueles factores desprotectores que poidan limitar o pleno desenvolvemento das súas capacidades educativas.



María Vilela: “O Programa Pensium é unha solución para pagar os coidados asistenciais a aquelas persoas maiores dependentes con ingresos insuficientes”

Se tiveses que explicar dun xeito sinxelo o que é Pensium, como farías?

Pensium é unha empresa de impacto social que ofrece unha solución para pagar os coidados asistenciais (axuda a domicilio, centro de día e residencia) a aquelas persoas maiores dependentes con ingresos insuficientes garantíndolles unhas aportacións periódicas de recursos desde o primeiro momento, a cambio da xestión e o anticipo dos futuros alugueres da súa vivenda. Deste xeito, pode acceder aos servizos sen esperas, sen hipotecarse e mantendo sempre o seu patrimonio.

O binomio necesario do traballo social e o feminismo

Non hai moito tempo, dentro dos grupos de traballo do COTSG, comezou a súa andaina o grupo de feminismo. Recentemente, polo 25 de novembro fíxose unha campaña ambiciosa na que máis de trinta mulleres narraron en vídeo a través das redes da entidade, as situacións de machismo que experimentaron nas súas vidas. Ademais diso, tamén se visibilizaron as eivas que ten o sistema que impiden o avance da igualdade na sociedade. Por outra banda, o 8 de marzo o COTSG asistiu á manifestación convocada polo movemento feminista galego e fixo merchandising para a ocasión. Somos traballadoras sociais feministas



Para a coordinadora do COTSG, Nerea Fernández, é "imprescindible que desde a nosa profesión se incorpore a visión feminista". Ao fío disto engade que "o traballo social ten moito que achegar, somos axentes de cambio".

Fernández que tamén coordina a quenda de garda contra a violencia de xénero sostén que a tarefa do traballo social "non é só capacitar á persoa e axudala no seu proceso de recuperación, informar, asesorar e favorecer o entendemento do mal trato, senón que tamén temos o compromiso profesional, e moral, de contribuír a un cambio de base, na orixe, loitar pola xustiza social e aplicar perspectiva de xénero e transversalidade sexa cal for o colectivo co que traballemos".

Por outra banda, cre na necesidade de incorporar a visión feminista nas entidades de dereito público porque "permite observar e entender o impacto diferenciado respecto ás actuacións de cada entidade (programas, proxectos, etc.) co fin de evitar que se reproduzan situacións de exclusión e desigualdade".

Fernández tamén sostén que sen perspectiva feminista nas políticas públicas "non se avanzará cara unha igualdade real". Explica que dita perspectiva implica "deseñar e establecer novos criterios para a definición das políticas". O reto, di, é "visibilizar, contabilizar e facer medibles as condicións específicas de discriminación ou subordinación que enfrontan as mulleres na súa cotidianidade, para modificalas".

Ao fío disto sostén que "un dos fundamentos principais da incorporación da perspectiva de xénero é darlle unha transformación cun carácter de cambio permanente no tempo para garantir a equidade como unha práctica habitual e cotiá das relacións sociais". Polo tanto, defente que non hai "ninguén mellor que as e o traballadores sociais para deseñar políticas sociais con perspectiva feminista dado que somos axentes de proximidade e a primeira porta de entrada á cidadanía".

Conclúe que desde o Colexio dan importancia á formación neste eido.

O libro que ofrece un punto de vista reflexivo sobre como os prexuízos sociais truncan a liberdade das mulleres

María Soliño é colexiada e forma parte do grupo de traballo social e feminismo. Ten publicado o libro "Cuando deje de llover" e a segunda parte "No pares la lluvia". Nas súas palabras "a miña persoaxe é unha muller que cre que está liberada pero non o está, cando a vida te pon en determinadas situacións, as mulleres afrontámolas cargando unha mochila de prexuízos que sempre rematan saíndo e facéndonos moito dano porque a culpa é demoledora". Afirmo que as lectoras lle teñen agradecido falar do "alto que é o prezo da liberdade para as mulleres."



Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia
Rúa Dublín, 6. baixo.
15707 Santiago de Compostela. A Coruña



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

